



## Concello de Monterroso

**María del Pilar Darriba Muñoz, secretaria-interventora do Concello de Monterroso (Lugo)**

### Certifico :

Que no Pleno do Concello en sesión ordinaria de vinte e catro de abril de dous mil vinte e cinco, adoptouse o acordo seguinte:

**4.-Expediente 409/2025. Planificación Orzamentaria. Modificación das bases de execución do orzamento municipal prorrogado 2023 (2025)**

**Expediente núm.:** 409/2025

**Informe-Proposta de Resolución**

**Procedemento:** Modificación das Bases de Execución do Orzamento Municipal

**Asunto:** Modificación BEO 41 en relación ás subvencións nominativas

**Documento asinado por:** Alcalde

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En relación co expediente relativo á modificación das bases do orzamento 2023 prorrogado , de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, emito o seguinte informe-proposta, con base aos seguintes,

#### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 10/04/2025 emitiuse providencia de Alcaldía.

**SEGUNDO.** Con data 10/04/2024, emitiuse informe Xurídico sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Con data 10/04/2025, emitiuse informe favorable condicionado por parte da Intervención.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

**PRIMEIRO.** A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— Os artigos 165, 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

— Os artigos 9 e 18 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se





## Concello de Monterroso

desenvolve o Capítulo I, do Título VI, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

— O artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación, considérase que o expediente se está tramitando conforme á lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. É polo que, quen subscribe emite a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación da base de execución núm. 41 do orzamento municipal para o ano 2025 ( 2023 prorrogado), nos seguintes termos: *«Teñen a consideración de subvencións nominativas aquelas que teñen asignación específica nos orzamentos municipais, con indicación expresa do seu beneficiario.*

*Teñen carácter de subvención directa, non suxeita ao réxime de concorrencia competitiva, non séndolle, polo tanto de aplicación, as normas de convocatoria, concorrencia e publicidade a que se fai referencia no artigo anterior.*

*Teñen a consideración de subvencións nominativas as que de seguido se indican:*

Aplicación orzamentari a	Total consignación resultante	FINS A QUE SE DESTINAN OS NOVOS E CAUSAS DA SUA NECESIDADE
	Euros	
231-480.00	4.000,00	SUBVENCION SERVICIOS SOCIAIS
334-480.00	3.000,00	ASOCIACION 3ª IDADE
334-480.00	1.000,00	ASOCIACION PAIS IES
334-480.00	3.000,00	CORAL ECOS DO ULLA
334-480.00	10.000,00	ASOC. SOCIOCULTURAL FALCATRUEIROS
334-480.00	2.000,00	AMPA COLEXIO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES
334-480.00	2.000,00	ENTROPIA FOLK
338-480.00	6.000,00	COMISION FESTAS PARROQUIAIS 23*200
338-480.00	2.000,00	ORGANIZACIÓN FESTA DA XUVENTUDE
338-480.00	5.000,00	AGROCUIR
341-480.00	600,00	CLUB GOLDANCE
341-480.00	16.000,00	SOCIEDADE DEPORTIVA MONTERROSO
341-480.00	2.000,00	CLUBE CICLISTA SAN MIGUEL
341-480.00	600,00	PADEL CLUB MONTERROSO
415-480.01	2.000,00	ASOCIACION PESCADORES
924-480.00	15.360,00	SUBVENCION PARTIDOS POLÍTICOS
	74.560,00	

*Os importes sinalados teñen o carácter de contía máxima; non implican para o Concello un compromiso pola mera aprobación das presentes Bases de Execución do*





## Concello de Monterroso

---

*Orzamento, e deberase cumprir os requisitos sinalados a continuación.*

*En todo caso, as subvencións nominativas outorgaranse mediante Decreto de Alcaldía, ou acordo da Xunta de Goberno Local, no caso de delegación, trala incoación de expediente comprensivo da seguinte documentación:*

*- Formalización de convenio entre o Concello e a entidade beneficiaria, no que consten as obrigas de ámbalas partes.*

*- Estatutos da entidade.*

*- Orzamento e memoria de gastos da entidade*

*- Certificado expedido polo Tesoureiro municipal de que a entidade beneficiaria está ao corrente das súas obrigas fiscais fronte ao Concello.*

*- Certificacións emitidas pola Seguridade Social e pola Administración Tributaria autonómica conforme o beneficiario non ten débedas fiscais nin sociais con estas entidades.*

*- No momento do pago e con carácter previo a este, declaración de compromiso de xustificación no prazo de 3 meses por parte de perceptor, nos termos previstos nas presentes Bases.*

*- Certificado acreditativo da representación que ostenta o perceptor da subvención.*

*- Informe emitido pola Intervención municipal no que se poña de manifesto a eventual existencia doutras axudas económicas concedidas pendentes de xustificar.*

*- Informe de fiscalización da Intervención Municipal.*

*- Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas, no modelo oficial aprobado ao efecto.»*

**SEGUNDO.** Expor ao público a modificación das bases de execución do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e taboleiro de anuncios do Concello sito na sede electrónica do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polas persoas interesadas.

**TERCEIRO.** Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**CUARTO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia.

O voceiro socialista di que afecta a toda a vila e hai que datar as asociacións de financiación.

O concelleiro do PG manifesta o apoio.

D. Brais Vázquez Lamazares di que está de acordo coas axudas ao tecido asociativo, é di que é unha fórmula válida a dos convenios pero en igualdade para todos.

D. Antonio Gato Soengas e D. Luis Mariño Castro manifestan o seu acordo.

Unha vez debatida a proposta esta é aprobada por unanimidade.

Para que conste, coas reservas do artigo 206 do ROF das Corporacións Locais, expido a presente certificación, en Monterroso, na data da sinatura dixital na marxe.

